

Do **24** ao **30**  
de novembro



**A GRAN RECOLLIDA DE ALIMENTOS 2023**

**ALIMENTA**

**UNHA VIDA**

**MELLOR**



## A GRAN RECOLLIDA DE ALIMENTOS 2023

### Por que apostar pola doazón na caixa?

- 1 O 100 % dos € doados a través da caixa a favor dos Bancos de Alimentos transfórmanse integramente en produtos para quen máis o necesita.
- 2 Esta modalidade de doazón permite atender mellor as necesidades dos beneficiarios finais ao poder transformarse:
  - a) Nos alimentos e produtos que realmente necesitan.
  - b) Nas cantidades necesarias.
  - c) Ao longo de todo o ano.
  - d) Sendo máis eficiente.
- 3 Permite darlle ao usuario final maior tempo de vida e consumo dos alimentos ao poder cambiar os € en alimentos no momento que sexa necesario.
- 4 É moito máis eficiente e evita traballos de clasificación de produtos para os Bancos de Alimentos.
- 5 Reducimos emisións CO<sub>2</sub> xa que se optimizan os desprazamentos e o transporte para o abastecemento previo e a posterior entrega a cada Banco de Alimentos.
- 6 Contribúe a evitar o Desperdicio Alimentario ao eliminar procesos de clasificación e almacenaxe de produtos.



# A GRAN RECOLLIDA DE ALIMENTOS 2023

## Como se transforman os € doados por produtos?

- 1 Todo o diñeiro doado polo cliente vai a unha conta contable independente que só está dispoñible para que os diferentes Bancos de Alimentos poidan cambiar o seu saldo integramente ata esgotalo.
- 2 Tanto Mercadona como os Bancos de Alimentos dispoñen da trazabilidade ao detalle de cada entrega de produtos realizada.

## Como desgravar unha doazón a entidades sociais?

É posible que os cidadáns desgraven por donativos a ONG no **Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) solicitando o certificado fiscal da ONG**. O importe da dedución varía segundo o réxime fiscal ao que estea suxeita a organización coa que colaborases. Ademais, débese ter en conta se a túa comunidade autónoma está suxeita a un réxime foral particular ou se conta con deducións adicionais.

Para desgravar a doazón realizada na Gran Recollida podes facelo na web de FESBAL no apartado "Desgravar ticket":

[granrecogidadealimentos.org](https://granrecogidadealimentos.org)

Tamén pode realizarse por correo a:

[donaciones@fesbal.org](mailto:donaciones@fesbal.org)

Ou por teléfono, chamando ao **917.356.390**